



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 20 de febreiro de 2014
Hora de comezo: 13.35 h
Hora de remate: 14.10 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria – Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Arquivo de expediente de limpeza da leira número 338 do lugar de Rodiño-Sergude e requirimento de corta de arboredo na leira número 425, polígono 45, de Ponte Ledesma**
- 3. Aprobación liquidación do orzamento 2013**
- 4. Altas en abastecemento e saneamento**
- 5. Licenza urbanística**
- 6. Inicio expediente de reposición de legalidade urbanística en Ledesma**
- 7. Aprobación e aboamento de factura por gastos derivados do programa prevención da dependencia**
- 8. Baixa servizo xantar na casa e alta no programa de alimentos “Cruz Vermella”**
- 9. Autorizacións para instalar postos de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo**
- 10. Aprobación de facturas con cargo ó orzamento do ano 2013**
- 11. Aprobación de facturas con cargo ó orzamento do ano 2014**

- 12. Aprobación convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e “Rocas, Arcillas y Minerales SA (RAMSA)”**
- 13. Inicio da contratación do servizo de asistencia técnica-urbanística do Concello de Boqueixón**
- 14. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 6 de febreiro de 2014.

2.Arquivo de expediente de limpeza da leira número 338 do lugar de Rodiño-Sergude e requirimento de corta de arboredo na leira número 425, polígono 45, de Ponte Ledesma

A) Arquivo do expediente de limpeza da leira número 338 do lugar de Rodiño-Sergude

O 15 de xuño do 2009, co número de entrada 09/2095, a Consellería do Medio Rural remite ó Concello de Boqueixón denuncia formulada por don Isaac XXXXX, na cal solicita que se cumpra coa normativa vixente, “Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia”, posto que ten no lugar de Rodiño-Sergude uns invernadoiros preto dunhas parcelas, entre elas a número 338, con arboredo que lle ocasionan danos nos plásticos dos invernadoiros e que supoñen ademais un risco de incendio forestal.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, no seu artigo 21.1.b) establece que os propietarios de terreos forestais e terreos situados nas zonas de influencia forestal están obrigados a “xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 100 metros arredor de calquera núcleo poboacional, edificación, urbanización, depósito de lixo, cámpings, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte. Ademais nos 50 metros desde a extrema da propiedade non poderá haber especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei. (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos, queirugas, carqueixas, xestas, fentos, silvas e toxos).

A propietaria da leira número 338 do lugar de Rodiño-Sergude é dona Carmen XXXXX.

Na Xunta de Goberno do 1 de xullo de 2009 acordouse requirir a dona Carmen XXXXX, para que en prazo de 15 días naturais procedese coa limpeza de biomasa vexetal e corta de especies arbóreas existentes na leira número 338 lugar de Rodiño-Sergude.

Por Resolución da Alcaldía do 10 de agosto do 2010 resolveuse “*Rexeitar o recurso de reposición presentado por dona Carmen XXXXX, en relación coa leira número 338, por entender que non está xustificada a corta de árbores e reiterarse no acordado na Xunta de Goberno do 7 de xullo de 2010, é dicir, non iniciar expediente de reposición de legalidade urbanística...e proceder coa corta do arboredo existente na leira número 338 de Rodiño-*

Sergude ata respectar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia”.

Solicítaselle, así mesmo, autorización voluntaria para entrar na leira número 338 e cortar o arboredo así como o aboamento do importe da execución subsidiaria, na conta do concello.

O 21 de setembro de 2010 co número de saída 10/936 o concello solicita ó Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, autorización xudicial para proceder a entrar na leira número 338 de Rodiño-Sergude e dese xeito proceder coa corta de arboredo.

O 22 de outubro de 2010, co número de entrada 10/2608, o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela comunica ó concello que se está a xulgar polo procedemento ordinario número 656/2010, o expediente administrativo contra o Concello de Boqueixón sobre “desestimación do recurso de reposición sobre suspensión”, interposto por dona Carmen XXXXX.

O 8 de novembro de 2011 co número de entrada 11/2717 recíbese no concello Auto do 3/11/2011 autorizando a entrada 65/2010 na leira número 338 de Rodiño-Sergude.

O 17 de xaneiro de 2012 co número de entrada 12/119, dona Carmen XXXXX interpón recurso de apelación contra o citado auto, o cal se admite a ambos efectos, polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela.

O 18 de xuño de 2012 co número de entrada 12/1587, en relación co procedemento ordinario 665/2010 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dita sentenza (número 492/2012) desestimando o recurso de apelación interposto por dona Carmen XXXXX contra o Auto de data 3 de novembro de 2011, no procedemento de autorización de entrada 665/2010 do Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela.

Contra dita sentenza con cabe recurso ordinario algún.

O 26 de febreiro de 2013, co número de entrada 13/392 comunícase ó concello que por sentenza de 13 de febreiro de 2013 o Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela no recurso 656/2010 desestima as pretensións de dona Carmen XXXXX e que procede a corta de arboredo da leira número 338 de Rodiño-Sergude.

O 16 de abril de 2013 co número de entrada 13/751 remítese escrito ó concello no cal se comunica que por dona Carmen XXXXX se interpuxo recurso de apelación contra a sentenza do 13 de febreiro de 2013, a cal é admitida a ambos efectos polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela.

O 26 de novembro de 2013 co número de entrada 13/2257 recíbese no concello, en relación co procedemento ordinario 656/2010 (XCA Santiago), a sentenza número 770/2013 ditada o 24 de outubro de 2013 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª, na cal falla “Desestimar o recurso de apelación interposto por dona Carmen XXXXX contra a sentenza ditada o 13 de febreiro de 2013 polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela”.

Contra dita sentenza non cabe recurso ordinario algún.

Feita inspección técnica o día 13 de febreiro de 2014 compróbase que “*no lugar de Rodiño-Sergude, na leira número 338, procedeuse coa corta de arbolado, ata respectar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais*”.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra dona Carmen XXXXX, propietaria da leira dedicada a monte número 338, do lugar de Rodiño-Sergude, por proceder a mesma cos traballos de corta de arboredo ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo á interesada.

B) Requirimento de corta de arbolado na leira número 425, polígono 45, en Ponte Ledesma

O 5 de febreiro de 2014, co número de entrada 14/203, don José XXXXX, con domicilio en Ponte Ledesma, XXXXX, expón que preto da súa vivenda existe unha leira dedicada a monte, con piñeiros e carballos a menor distancia da que esixe a Lei 7/2012, de montes de Galicia, respecto de vivendas. Di igualmente que un piñeiro corre risco de caer enriba da vivenda, sendo un perigo para as persoas.

Manifesta que a leira é xestionada por dona Nieves XXXXX, herdeira do titular da parcela (xa falecido) don Jesús XXXXX.

Solicita que se proceda coa corta de arboredo de acordo co disposto na a Lei 7/2012, de montes de Galicia e sobre todo dun piñeiro polo risco que supón para as persoas.

Según informe do técnico de 13 de febreiro de 2014 *“Feita inspección técnica no lugar de Ponte Ledesma - Baiuca, compróbase que preto da casa de don José XXXXX, existe unha leira dedicada a monte o cal está limpo de maleza, ten carballos e un piñeiro.*

Un carballo está a 12 metros de distancia, do paramento vertical da vivenda e un piñeiro está a 15 metros do paramento vertical da vivenda.

O piñeiro está situado nun outeiro (igual co resto da parcela) e con fortes refachos existe perigo de que poida caer.

Non se cumpre coa normativa da Lei 7/2012, de montes de Galicia, en materia de distancias que deben respectar ás árbores respecto das vivendas”.

Consideracións xurídicas

-O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010 de 25 de marzo sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga”.

-O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “ Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización”.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos...).

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir á propietaria da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, dona Nieves XXXXX, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo (piñeiro e carballo) ata gardar as distancias que sinala a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo á persoa obrigada.
3. Dar trámite de audiencia á citada propietaria para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presente documentación oportuna.

3.Aprobación liquidación do orzamento 2013

Examinada a liquidación do presuposto municipal correspondente ao exercicio 2013, donde consta o informe económico e o informe de avaliación do cumprimento de estabilidade, redactados por Secretaría–Intervención, a Xunta de Goberno acorda:

1) Aprobar a mesma nas cifras nas que se atopa redactada de acordo co establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e co establecido na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012 de 28 de setembro.

2) Remitir a liquidación aos organismos que legalmente proceda.

4.Altas en abastecemento e saneamento

A) Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúense como beneficiarios do servizo ás persoas que se relacionan a continuación.

Nome	DNI/CIF	Lugar	Taxas
Jerónimo XXXXX	XXXXX	XXXXX	-----
Amós XXXXX	XXXXX	XXXXX	-----
Funeraria Casablanca SL	XXXXX	Baixo da Casa da Cultura de Camporrapado-Pousada	109,62 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida a don Jerónimo XXXXX é para vivenda e a taxa de abastecemento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

A alta concedida a don Amós XXXXX é para vivenda e a taxa de abastecemento foi aboada pola promotora da construción “Promociones e Inversiones Ulla SL” o 04/05/2009.

Funeraria Casablanca SL, aboou a taxa de abastecemento “para industrias situadas fóra de polígono industrial ata 2 obreiros” no numero de conta XXXXX. Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome	DNI/CIF	Lugar	Taxa
Jerónimo XXXXX	XXXXX	XXXXX	-----
Amós XXXXX	XXXXX	XXXXX	-----
Funeraria Casablanca SL	XXXXX	Baixo da Casa da Cultura de Camporrapado-Pousada	109,62 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida a don Jerónimo XXXXX é para vivenda e a taxa de saneamento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

A alta concedida a don Amós XXXXX é para vivenda e a taxa de saneamento foi aboada pola promotora da construción “Promociones e Inversiones Ulla SL” o 04/05/2009.

Funeraria Casablanca SL, aboou a taxa de saneamento “para industrias situadas fóra de polígono industrial ata 2 obreiros” no numero de conta XXXXX. Achega xustificante da transferencia realizada.

2º.- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

5.Licenza urbanística

EXP.: 13/673. Licenza municipal de segregación de parcela e agrupación con parcelas lindeiras en Rodiño Grande - Sergude

Antecedentes:

Con data do 8/04/2013 (registro de entrada 13/673), por dona Carmen XXXXX, con DNI núm. XXXXX, preséntase unha memoria técnica de segregación dunha parcela e agrupación con parcelas lindeiras, situadas no lugar de Rodiño Grande, na parroquia de Sergude, e emprazadas urbanísticamente en Solo Rústico de Protección Ordinaria.

Con data do 12/04/2013 (registro de saída 13/369, do 15/04/2013), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor, a taxa municipal que deberá ingresar, en aplicación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas.

Con data do 07/05/2013, polos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un **Informe Técnico**, no que se fai constar que para dar cumprimento ó artigo 206 da

LOUPMRG, deberase xustificar que se trata dunha partición por herdanza de Carmen XXXXX, xa sexa inter vivos ou mortis causa.

Con data do 21/05/2013, por medio do correo electrónico do departamento de urbanismo, ponse en coñecemento do técnico autor do proxecto, o contido do informe técnico de data do 07/05/2013, para que se presente a documentación requirida no dito informe.

Con data do 10/06/2013 (con rexistro de entrada núm. 13/1176, de data do 14/06/2013), polo promotor da licenza, achégase un escrito en base ao requirido no antedito informe técnico.

Con data do 02/08/2013, os servizos técnicos municipais comunícanlle ao técnico autor do proxecto, que coa documentación achegada segue sen xustificarse o requirido no informe técnico; polo que o promotor, con data do 08/08/2013 (rexistro de entrada núm. 13/1607, de data do 12/08/2013), presenta un novo escrito aclaratorio.

Con data do 22/10/2013, os Servizos Técnicos Urbanísticos emiten un novo Informe Técnico, no que se fai constar que deberán achegar a documentación que xa se lle requiriu en informes anteriores, remitíndolle dito informe ao promotor con data 31/10/2013.

Con data do 18/11/2013 (rexistro de entrada núm. 13/2238, de data 21/11/2013) e con data do 09/01/2014 (rexistro de entrada núm. 14/68, de data 14/01/2014), o promotor presenta a documentación acreditativa sobre a adxudicación hereditaria da parcela obxecto desta segregación, achegando contrato asinado, así como escritura pública, con núm. de protocolo 7, outorgado ante o notario D. Marcelino XXXXX, con data do 2 de xaneiro de 2014.

Con data do 22/01/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítese o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, e no que se fai constar que a licenza de segregación quedará condicionada ó cumprimento das actuacións de agrupación en unidade de acto que se reflicten na documentación achegada.

Débese ter en conta que este procedemento parte dunha finca inicial de 32.193 m², que en 1990 fraccionouse en dúas: unha adxudicada a dona Dulcina XXXXX (parcela Norte de 26.436 m²), outra adxudicada a dona Carmen XXXXX (parcela Sur de 5.756 m²).

Posteriormente, dona Dulcina XXXXX dona ao seu fillo unha parcela de 3.195 m² (parcela catastral nº 604), quedando o resto da súa parcela cunha superficie de 23.241 m²; e en Xunta de Goberno do día 7/11/2013, outórgaselle licenza de segregación da antedita parcela de 23.241 m², resultando as tres seguintes: Parcela A (2.001 m²), Parcela B (9.831 m²) e resto da parcela matriz (11.409 m²).

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 18/04/2013), polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a **Carmen XXXXX**, a **licenza municipal**, para a **Segregación e Agrupación de parcelas**, correspondentes á parcela 440, do polígono 14, situada no lugar de Rodiño Grande, na parroquia da Sergude, e emprazadas urbanisticamente en solo non urbanizable común, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. do expediente: 13/673
02. Promotor da licenza: CARMEN XXXXX
03. NIF do promotor: XXXXX
04. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE NORMAL OU COMÚN
05. Tipo de licenza: SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELAS
06. Situación e emprazamento: RODIÑO GRANDE – SERGUDE
07. Técnico autor do proxecto: SANTIAGO ALONSO BARRAL. Enx. Técnico Agrícola

Descrición das parcelas iniciais e das parcelas resultantes

1.- Parcelas iniciais:

- **Parcela 1:** Porción sur da parcela con referencia catastral 15012A014004400000EL. Monte e pastizal onde chaman A Zanca, sita no lugar de Rodiño Grande, parroquia de Sergude, municipio de Boqueixón, da extensión superficial de cincuenta e sete áreas e cincuenta e seis centiáreas (5.756 m²). Linda: Norte, en parte con finca dos herdeiros de dona Dulcina XXXXX, e no resto con parcela de don David XXXXX; Sur, testas de fincas do Monte do Agro; Leste, termina en punta en camiño; e Oeste, camiño.
- **Parcela 2:** (Correspondente á Parcela A resultante da Segregación aprobada na Xunta de Goberno Local do 7/11/2013). Porción 2 da parcela con referencia catastral 15012A014004400000EL. Monte e pastizal onde chaman A Zanca, sita no lugar de Rodiño Grande, parroquia de Sergude, municipio de Boqueixón, da extensión superficial de vinte áreas e unha centiárea (2.001 m²). Linda: Norte, coa finca da que se segrega; Sur, en parte coa parcela de David XXXXX e no resto con Carmen XXXXX; Leste, coa parcela B (porción 3 da parcela coa antedita referencia catastral); e Oeste, en parte con David XXXXX e no resto con camiño.

2.- Segregación da parcela 1 (5.756 M²):

- **Parcela segregada 1-a:** Monte e pastizal onde chaman A Zanca, sita no lugar de Rodiño Grande, parroquia de Sergude, municipio de Boqueixón, da extensión superficial de vintetrés áreas e noventa e catro centiáreas (**2.394 m²**). Linda: Norte, en parte coa parcela letra A constituída por segregación de outra de maior cabida propiedade da Comunidade de herdeiros de dona Dulcina XXXXX, e no resto con finca de don David XXXXX; Sur, Testas de fincas do Monte do Agro; Leste, finca matriz da que procede; e Oeste, camiño.
- **Resto da parcela 1 matriz:** Monte e pastizal onde chaman A Zanca, sita no lugar de Rodiño Grande, parroquia de Sergude, municipio de Boqueixón, da extensión superficial de trinta e tres áreas e sesenta e dúas centiáreas (**3.362 m²**). Linda: Norte, coa parcela letra B, constituída por segregación doutra de maior cabida, propiedade da Comunidade de herdeiros de dona Dulcina XXXXX; Sur: Testas de fincas do Monte do Agro; Leste: termina en punta en camiño; e Oeste, coa parcela segregada anteriormente descrita.

3.- Agrupación de Parcelas:

- Agrupación da parcela segregada 1-a, de 2.394 m² + parcela 2 inicial, de 2.001 m² (correspondente á Parcela A resultante da segregación aprobada na Xunta de Goberno Local do 7/11/2013), resultando unha parcela de 4.395 m².

4.- Parcelas resultantes finais:

Parcela C:

Resultante da agrupación da parcela segregada 1.a, coa parcela 2 inicial.

Monte e pastizal onde chaman A Zanca, sita no lugar de Rodiño Grande, parroquia de Sergude, municipio de Boqueixón, da extensión superficial de corenta e tres áreas e noventa e cinco centiáreas (**4.395 m²**). Linda: Norte, con David XXXXX e coa finca matriz denominada A Zanca, propiedade da comunidade de herdeiros de dona Dulcina XXXXX, con David XXXXX e con testas das fincas do Monte do Agro; Leste, coa finca matriz da que procede; e Oeste, camiño.

Parcela D:

Resto da parcela 1 matriz.

Monte e pastizal onde chaman A Zanca, sita no lugar de Rodiño Grande, parroquia de Sergude, municipio de Boqueixón, da extensión superficial de trinta e tres áreas e sesenta e dúas centiáreas (**3.362 m²**). Linda: Norte, coa parcela letra B, constituída por segregación doutra de maior cabida, propiedade da Comunidade de herdeiros de dona Dulcina XXXXX; Sur: Testas de fincas do Monte do Agro; Leste: termina en punta en camiño; e Oeste, coa parcela segregada anteriormente descrita.

Segundo:

Condición especial desta licenza:

A licenza de segregación quedará condicionada ó cumprimento das actuacións de agrupación en unidade de acto que se reflicten na documentación achegada.

6.Inicio expediente de reposición de legalidade urbanística en Ledesma

Antecedentes:

1/ Con data 30 de abril 2010, entrada nº 10/1047, recíbese no concello unha denuncia, presentada por don José XXXXX e dona Esclavitude XXXXX, contra don Perfecto XXXXX e dona Adelina XXXXX, propietarios da finca nº 94, da zona de concentración parcelaria de San Salvador de Ledesma, **pola ocupación dun camiño público con unha edificación.**

2/ Segundo a denuncia presentada, os citados propietarios da parcela nº 94, extralimitáronse na ocupación de súa finca polo linde oeste, invadindo e ocupando o citado camiño cunha construción.

3/ Con data 28 de maio de 2010, ponse en coñecemento dos interesados a denuncia presentada, á vez que se lles comunica que poden examinar o expediente, e tamén poden obter copias do mesmo.

4/ Dende esta data non constan máis trámites, e con data do 25 de marzo 2013 (con rexistro de entrada nº 13/573), don José XXXXX e dona Esclavitude XXXXX, solicitan novamente que se reanude o expediente de data 30 de abril de 2010, e se dé trámite á denuncia presentada.

5/ Con data do 7 de maio 2013, a arquitecta municipal, dona María Carmen Novoa Sío, emite o correspondente informe técnico, e no cal se sinala:

- *“Que hai indicios físicos da existencia do camiño que chega ata o linde entre as parcelas 94 e 95 e que sen embargo, compróbase que parte do seu trazado está ocupado por unha edificación anexa a unha vivenda de planta baixa e primeira. Realizada en bloque de formigón estándar sen pintar, e cubrición mediante viguetas de formigón e pranchas de fibrocemento gris.*

O ancho do camiño é de 3 m, segundo o plano de concentración.

- *Que a competencia para incoar expediente de reposición de legalidade, sen límite de prazo, é do conselleiro competente en materia de urbanismo”.*

6/ Con data 28 de maio 2013, (registro de saída nº 13/517), remítese o expediente á Axencia Urbanística da Xunta de Galicia.

7/ Con data 5 de xullo 2013 (registro de entrada nº 13/1342), a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, devolve a documentación ao concello, posto que corresponde ao alcalde a competencia para a adopción das medidas de reposición da legalidade urbanística infrinxida.

8/ Con data 29 de xaneiro 2014, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo informe técnico, e que literalmente di:

A que asina, D^a. María Carmen Novoa Sío, arquitecta da empresa Estudio Técnico Gallego, S. A., encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); cumprindo coa providencia da Alcaldía, en relación coa denuncia presentada por D. José XXXXX e D^a. Esclavitud XXXXX, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1. En informe técnico anterior, realizado con data do 7 de maio de 2013, quedou xustificado, en base á documentación dispoñible, que as actuacións denunciadas son obras rematadas sen licenza, realizadas sobre un camiño público.

2. Entendendo que era de aplicación o artigo 213 da LOUPMRG, foi remitido o expediente á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante, APLU). Non obstante, a APLU, con data do 5 de xullo de 2013, emitiu informe no que establece o seguinte: *“En relación con dito escrito, sinalar que o artigo 213 da citada Lei, refírese á protección da legalidade nas zonas verdes, espazos libres, dotación e equipamentos públicos, non tendo o camiño público ningunha destas consideracións, formando parte en último caso do sistema local viario, (título IV, capítulo I, artigo 54.b) da normativa das N.S.P. de Boqueixón). Dado ademais que a parcela onde se sitúa a construción que invade dito camiño (referencia catastral 001500200NH53G0001PZ) atópase, segundo as citadas N.S.P. en solo clasificado como solo non urbanizable de núcleo rural, de conformidade co establecido nos artigos 210 e seguintes, 217 e 222 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, correspóndelle á Alcalde a competencia para a adopción das medidas de reposición da legalidade urbanística infrinxida así como a imposición das sancións que no seu caso procedan, polo que devólvese a documentación recibida”.*

3. Sen prexuízo do informe anterior, no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, queda dito que:

Artigo 2.

1. *Los bienes de las Entidades locales se clasificarán en bienes de dominio público y bienes patrimoniales.*
2. *Los bienes de dominio público serán de uso o servicio público.*
3. *Tienen la consideración de comunales aquellos bienes que siendo de dominio público, su aprovechamiento corresponde al común de los vecinos.*
4. *Los bienes comunales solo podrán pertenecer a los Municipios y a las Entidades locales menores.*

Artigo 3.

1. *Son bienes de uso público local los caminos, plazas, calles, paseos, parques, aguas de fuentes y estanques, puentes y demás obras públicas de aprovechamiento o utilización generales cuya conservación y policía sean de la competencia de la Entidad local.*

Artigo 5.

Los bienes comunales y demás bienes de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles y no están sujetos a tributo alguno.

Así mesmo, no artigo 4.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dise que ós Concellos correspóndenlles as potestades expropiatoria e de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens.

4. En consecuencia, tendo en conta todo o que se reflicte nos puntos anteriores, e en opinión da técnica que asina, procede iniciar as medidas necesarias para a reposición da legalidade nos bens públicos. En todo caso, estarase ó que determine a Corporación Municipal.

O que se informa, ós efectos oportunos, e sen prexuízo de terceiros.

Boqueixón, a 29 de xaneiro de 2014

9/ Con data do 18 de febreiro 2014, o ben inmovible obxecto do inicio do expediente de reposición da legalidade urbanística, figura a nome dos seguintes propietarios: Dona Adelina XXXXX, con DNI nº XXXXX, e Don Jesús XXXXX, con DNI nº XXXXX, con domicilio a efectos de notificacións en LG. de Ponteledesma, XXX; 15882, Ledesma (Boqueixón – A Coruña).

Fundamentos xurídicos:

1 – O art. 5 do Regulamento de Bens, establece que os bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles

2 – O art. 82.a/ da Lei de Bases de Réxime Local, establece que as entidades locais poden recuperar a posesión dos bens de dominio público en calquera momento.

3 – O art. 210 da Lei 9/2002 modificada pola Lei 2/2010 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, establece que de estaren rematadas as obras sen licenza, o alcalde incoará expediente de reposición de legalidade.

O apartado 3 do artigo 209, da mesma lei, establece que se as obras non fosen legalizables, acordarase a súa demolición a custo do interesado, e no caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá coa execución subsidiaria dela, ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente, ata lograrse a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 € cada unha.

Entre a documentación presentada polos denunciados, existe unha nota simple informativa do rexistro da propiedade de Santiago de Compostela nº 1, na cal se reflicte que a parcela nº 94, de San Salvador de Ledesma, no sitio de Barreiro, linda polo Norte e Oeste con camiño, aínda que o referido camiño non consta inscrito no inventario municipal de bens. Por isto, procede iniciar o expediente de reposición de legalidade e recuperación do camiño e posteriormente procedese coa inscrición deste no inventario municipal.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1º. Iniciar o expediente de reposición da legalidade urbanística, contra Dona Adelina XXXXX, co DNI nº XXXXX, e Don Jesús XXXXX, co DNI nº XXXXX, para levar a cabo a demolición dunha edificación existente, *anexa a unha vivenda de planta baixa e primeira, realizada en bloque de formigón estándar, sen pintar, e cubrición mediante viguetas de formigón e pranchas de fibrocemento gris*, e que invade un camiño público que se empraza no lugar da Baiuca, na parroquia de San Salvador de Ledesma. O dito camiño público, segundo os datos catastrais actuais, linda: Norte, coas fincas catastrais nº: 15012A045004370000ER, 15012A045004310000EL, 15012A045004300000EP e 15012A045004290000ET; Sur, coa finca catastral nº 001500200NH53G0001PZ; Leste, coa estrada autonómica AC-960; e Oeste, coa finca catastral nº 001500600NH53G0000XB.

2º. Comunicar este acordo aos denunciados, e darlle un prazo de 10 días hábiles, para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións e documentación que estimen pertinentes.

7.Aprobación e aboamento de factura por gastos derivados do programa prevención da dependencia

Con data 12 de febreiro e co rexistro de entrada número 14/260 recíbese factura para a súa aprobación e aboamento .

Dita factura imputárase con cargo á subvención da Deputación de FOAXCA 2013 que se resolveu co nº de resolución 10957 e data de rexistro de entrada no concello o 10 de xullo do 2013, nº de rexistro 13/1378, en concepto de gastos de persoal técnico e actividades do programa prevención da dependencia

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobación , imputar a seguinte factura con cargo á subvención da Deputación de FOAXCA 2013 e proceder ó seu aboamento:

Nº REXISTRO	DATA	EMPRESA	IMPORTE TOTAL
14/003	04/02/14	FISS CORUÑA Matilde	450 €

2.- Comunicar este acordo ao departamento de Tesourería-Intervención para que procedan ó seu aboamento con cargo á subvención.

8. Baixa servizo xantar na casa e alta no programa de alimentos “Cruz Vermella”

A) Baixa servizo xantar na casa

Na Xunta de Goberno de data 16/11/2011 foi dado de alta no servizo xantar na casa, don José XXXXX co DNI XXXXX, veciño da parroquia de Pousada. A traballadora social propón a súa baixa, por falecemento do usuario, con data do 10 de febreiro de 2014.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar de baixa no servizo xantar na casa, a Don José XXXXX, co DNI: XXXXX, veciño do lugar de Camporrapado XXX, parroquia de Pousada, por falecemento.
2. Notificar este acordo aos familiares do falecido.

B) Alta no programa de alimentos “Cruz Vermella”

Visto o informe da traballadora social, no que propón dar de alta no “Programa de Alimentos da Cruz Vermella a dona Iria XXXXX, veciña da parroquia de Codeso, por reunir os requisitos establecidos no baremo, ao presentar dificultades para a cobertura das necesidades básicas de alimentación, a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar de alta no “Programa de Alimentos da Cruz Vermella” a dona Iria XXXXX, co DNI XXXXX, veciña XXX, parroquia de Codeso, por reunir os requisitos establecidos no baremo, ao presentar dificultades para a cobertura das necesidades básicas de alimentación
2. Notificar este acordo á interesada.

9. Autorizacións para instalar postos de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo

Co rexistro número 13/2462 do día 27 de decembro de 2013 déuselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para posto novo para don Ramiro XXXXX con DNI XXXXX na Feira – mercado de Lestedo.

Co rexistro número 14/56 do día 13 de xaneiro de 2014 déuselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para posto novo para dona M^a del Carmen XXXXX con DNI XXXXX na Feira – mercado de Lestedo.

Unha vez revisada a documentación destas solicitudes, compróbase que a documentación presentada se axusta ós requirimentos da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e á Ordenanza Municipal reguladora da expedición do carné para a venda ambulante nas feiras- mercados de Boqueixón.

Polo que, a Xunta de goberno acorda:

1.- Autorizar ós vendedores ambulantes nomeados para instalar un posto na Feira – Mercado de Lestedo e adxudicarlle os seguintes postos numerados:

POSTO Nº	NOME E APELIDOS
8	RAMIRO XXXXX
4B	Mª DEL CARMEN XXXXX

2.- Comunicar este acordo ós novos titulares autorizados.

10.Aprobación de facturas con cargo ó orzamento do ano 2013

Por unanimidade acórdase aprobar as facturas que a continuación se relacionan e que suman un total de 33.052,11 euros. Ditas facturas serán aboadas con cargo ó orzamento do exercicio 2013.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en xaneiro		
1	Sogama – Tratamento de residuos mes de decembro 2013	2013.0.3.0.213	6.441,61
2	L. Secope – Tratamento residuos Punto Limpo – decembro 2013	2013.0.3.0.213	920,35
3	Coregal – Tratamento e recollida de residuos papel e cartón mes de decembro 2013	2013.0.3.0.213	387,82
4	Sermasa – Servizo de axuda no fogar – prestación básica – mes de decembro 2013	2013.0.2.0.210	1.514,53
5	Sermasa – Servizo de axuda no fogar – dependencia – mes de decembro de 2013	2013.02.0.210	15.881,08
6	María del Carmen Vázquez Fernández - Produtos alimentación mes de decembro da Escola Infantil	2013.0.2.0.221	270,42
		Total	24.415,81

A continuación desagreganse as facturas que están domiciliadas e que xa foron aboadas con cargo ó orzamento do ano 2013:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en xaneiro		
7	Movistar móvil – Custo teléfonos móbiles do 18/11/ ó 17/12/13	2013.0.9.0.222	443,94
8	Compostela Digital – Mantemento informático mes de decembro 2013	2013.0.9.0.213	398,05
9	Correos y Telégrafos – Custo servizo de correos mes de decembro de 2013	2013.0.9.0.222	241,35
10	Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Mantemento alumado público mes de decembro 2013	2013.0.3.0.221	3.771,17
11	Estudio Técnico Gallego – Asistencia Técnico Urbanística mes de decembro 2013	2013.0.9.0.227	2.005,82
12	Movistar - Consumo telefónico mes de outubro escola infantil e local social de Lestedo	2013.0.9.0.222	47,99
13	Movistar - Consumo telefónico mes de outubro centro saúde de Lestedo	2013.0.9.0.222	24,02
14	Movistar – Consumo telefónico mes de outubro fax	2013.0.9.0.222	49,26
15	Movistar – Consumo telefónico mes de outubro centraliña	2013.0.9.0.222	477,95
16	Movistar – Consumo telefónico mes de outubro alarma	2013.0.9.0.222	29,49
17	Movistar – Consumo telefónico mes de outubro ximnasio /piscina	2013.0.9.0.222	69,18
18	Movistar – Consumo telefónico mes de outubro oficina de correos	2013.0.9.0.222	25,05
19	Movistar – Consumo telefónico mes de outubro protección civil	2013.0.9.0.222	29,14
20	Movistar – Consumo telefónico mes de outubro casa da cultura	2013.0.9.0.222	23,89
		Total	7.636,30

11.Aprobación de facturas con cargo ó orzamento do ano 2014

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 57.484,89 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
	Rexistradas en xaneiro		
1	Compostela Digital – Renovación anual do dominio boqueixon.es (10/01/14 - 09/01/15)	2014.0.9.0.222	21,05
2	Imprenta Plana, SL – Sobres con membrete (1.000) para oficinas	2014.0.9.0.221	237,16
3	Anibal García Remis, SL – Canalización augas en Deseiro – Sergude	2014.0.4.0.212	653,40
4	Comercial de Fundiciones – 50 escudos de Boqueixón de bronce s/cuña de madeira pequenos	2014.0.9.0.226	1.089,00
5	Comercial de Fundiciones – 2 medallas corporativas acabadas en ouro – fillo adoptivo e mérito empresarial	2014.0.9.0.226	187,74
6	Imprenta San Martín – Maquetación e impresión diplomas Neira Vilas e Orlando Vázquez	2014.0.9.0.226	60,50
7	Gráficas de Vedra, SL – 110 camisetas para torneo de deportes	2014.0.3.0.226	324,76
